

ATEX significa ATmosferas EXplosivas.

As atmosferas potencialmente explosivas poden aparecer pola presenza de líquidos inflamables que se evaporan ou se pulverizan no proceso, por gases inflamables o por po de sustancias combustibles ou inflamables.

O po dunha sustancia combustible ten a capacidade de transmitir unha lapa a unha velocidade tal que os efectos son semellantes a os dunha explosión de gases ou vapores inflamables.

Lexislación

Isto recollese no Real Decreto 681/2003, que e a transposición á lexislación española da Directiva 99/92/CE.

Con esta lexislación están directamente relacionados os riscos eléctricos, a través tanto do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión como do de Alta Tensión, e os riscos producidos polas máquinas, a través do Real Decreto 1215 e das Directivas 98/37/CE e 2006/42/CE.

Así, todas as máquinas e instalacións nun entorno ATEX teñen que cumprir uns requisitos determinados.

¿Cómo pode saber si a súa empresa está afectada pola directiva de atmosferas explosivas?

Sempre será si está nalgún dos seguintes casos:

Risco debido a gases, vapores ou néboas.

- Lugares onde se produzan, almacenen, trabasen, manipulen ou consuman líquidos inflamables.
- Garaxes e talleres de reparación de vehículos. Se exclúen os garaxes de uso privado para 5 ou menos vehículos.
- Interior de cabinas de pintura onde se empreguen sistemas de pulverización, e o seu entorno cercan, cando se utilicen disolventes (salas de misturas, almacéns de pinturas e disolventes, etc.).

- Locais de extracción de graxas e aceites que empreguen disolventes inflamables.
- Locais con depósitos de líquidos inflamables abertos ou que se poidan abrir.
- Zonas de lavanderías o tinturerías nas que se empreguen líquidos inflamables.
- Instalacións onde se produzan, manipulen, almacenen ou consuman gases inflamables.
- Salas de bombas e/ou de compresores de líquidos e gases inflamables.
- Estacións de servizo.

Risco debido ao po.

- Zonas de traballo, manipulación e almacenamento da industria alimentaria que manexa gras e derivados.
- Zonas de traballo e manipulación de industrias químicas e farmacéuticas nas que se produce po.
- Emprazamentos de pulverización de carbón e os da súa utilización posterior.
- Plantas de coquización.
- Plantas de produción de xofre.
- Zonas de proceso, manipulación ou empaquetado de pos metálicos lixeiros (Al, Mg, e outros).
- Almacéns e molles de expedición onde os materiais poeirentos se almacenan ou manipulan a granel.
- Zonas de tratamento de téxtil como algodón, e outros.
- Plantas de fabricación e procesado de fibras.
- Plantas desmotadoras de algodón

- Plantas de procesado de liño.
- Talleres de confección.
- Industrias de procesado da madeira

¿témolo todo ben? ¿O temos por escrito?

Para determinar qué máquinas e instalacións están afectadas e necesario realizar un estudio previo. O Real Decreto 681/2003 indica a obriga de redactar o “Documento de Protección Contra Explosións”, que e o documento onde se reflexa se estamos en orde ou se temos que aplicar medidas adicionais para previr o risco dunha posible explosión nas nosas instalacións.

Deberemos seguir las seguintes pautas:

Primeira pregunta: **¿Somos unha empresa afectada por ATEX?**

No => non facemos nada neste sentido

Si => temos que redactar o “Documento de Protección contra Explosións” (DOPEX)

Este documento inclúe un informe de zonificación onde se detallan e dimensionan os emprazamentos nos que e posible a presenza dunha atmosfera explosiva. En base a esta zonificación realizase unha avaliación de riscos específica e, da avaliación saen as posibles medidas preventivas a adoptar. Os resultados poden ser, entón:

DOPEX **favorable** se está todo ben

DOPEX **condicionado** se e necesario adoptar medidas adicionais.

Isto implica facer unha planificación das accións necesarias para implantar as medidas resultantes do estudio.

Así mesmo e necesario abordar unha actualización periódica do Documento de Protección Contra Explosións, tanto si e favorable como si e condicionado. A periodicidade se definirá en función dos cambios e modificacións introducidas na empresa.